



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2017 • Nº 209



AXENDA PARA O MES DE FEBREIRO

ENTROIDOS EN VEDRA:

- O 11 de febreiro en Vilanova. Ás 18:00 h. atranques no campo da festa.
- O 25 de febreiro en Vedra. Ás 17:00 h. atranques no campo da festa.
- O 4 de marzo en San Xián. Ás 19:00 h. atranques no campo da festa.
- O 5 de marzo en Trobe. Ás 19:00 h. atranques no campo da festa / local multiusos.

PROGRAMACIÓN DAS XXII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA:

- O 12 de febreiro: *III Maratón de Montaña da Camelia e VII Ruta Cicloturística en Btt da Camelia polo Val do Ulla.*
- O 26 de febreiro e o 5 de marzo: *Visitas "teatralizadas" ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla coa compañía Andaravía Teatro.*
- O 26 de febreiro: *"XXII Xornada arredor da Camelia" na Área de Castiláns (Santa Cruz de Ribadulla). Ver programa no interior*
- O 4 de marzo ás 11:00 h: *Ruta entre camelias.*
- O 9 de marzo: *Visita á Estación Fitopatolóxica do Areeiro e ao Pazo Quinteiro da Cruz.*

...E TAMÉN

- O xoves 16 de febreiro ás 20:00 h. na biblioteca de Vedra: *"Vedra Segura"...* Charla impartida pola a DXT.

FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28					

AXENDA DAS ASOCIACIÓNS

- A fin de semana do 17, 18 e 19 de febreiro: *LAV 2017* coa Asociación Senunpeso.
- O sábado 18 de febreiro: *Campionato Galego de Duatlón Contrareloxo por Equipos. 4º Duatlón Concello de Vedra* co Club Olímpico de Vedra.
- O sábado 4 de marzo *Cea-baile de Entroido* en Sarandón coa Asociación Cultural San Campio.





...A SOLIDARIEDADE EN VEDRA!

■ Unha vez máis a chamada da solidariedade en Vedra rompe todas as previsións e consegue que no Nadal que vimos de pasar, foron moitas as propostas solidarias que a veciñanza de Vedra recibiu e acolleu con gran xenerosidade.

Facemos reconto de todas elas:

- O Club Deportivo San Mamed propuxo un Torneo Solidario que colleitou máis de 130 kg de produtos non perecedoiros.
- A Asociación Cultural San Campio coa súa Operación Kilo, acadou arredor dos 60 kg de produtos non perecedoiros.
- A Escola Infantil Municipal de Vedra propuxo tamén ás súas familias usuarias do servizo unha campaña de recollida de alimentos e xoguetes solidarios, na que se recibiron innumerables xoguetes e tamén uns 45 kg de produtos non perecedoiros.
- A Asociación Cultural Papaventos co despacho de billetes recollidos na súa función do "Brincacontos" realizada no Nadal, doou roupa de cama para os Servizos Sociais Municipais.
- O Mercadiño Solidario desenvolvido polo colectivo de persoas maiores do Centro Sociocultural e do obradoiro de pintura en tela, recadaron 170 € doados integramente aos Servizos Sociais Municipais para a compra de produtos de necesidade.

Tamén o Concello de Vedra organizou a súa II Carreira Nocturna Solidaria e a I Andaina Solidaria, nas que en total participaron case 600 persoas. Un récord de participación absoluto que fixo posible recoller arredor

de 1.185 quilos de produtos non perecedoiros.

En nome de todas e cada unha das iniciativas e en nome tamén dos servizos sociais municipais...

MOITAS GRAZAS POLA VOSA SOLIDARIEDADE!!



Grazas a todas as iniciativas solidarias os servizos sociais de Vedra recadaron arredor dos 1.420 quilos de produtos non perecedoiros.



II Carreira Nocturna Solidaria de Vedra.



Saída da Carreira Infantil.

ASÍ FOI NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS...



Festival de Nadal da Asociación Cultural San Campio o 8 de xaneiro.



O Ciclo de Cinema Documental Galego o 14 de xaneiro.



I Torneo Solidario do C.D. San Mamed.

De interese

NOTA INFORMATIVA DOS CORTES DE TRÁFICO EN VEDRA A TARDE DO 18 DE FEBREIRO

■ Con motivo da celebración do Campionato Galego de Duatlón no Concello de Vedra, haberá as seguintes restricións ao tráfico de vehículos a motor con algunhas estradas pechadas o día 18 de febreiro dende as 14:30 ata as 19:00 horas nos seguintes tramos:

No núcleo urbano de Vedra estarán pechadas:

- A estrada da Deputación DP8203 (Vedra - Trobe) dende a nave de aluminio Vedra ata o cruce da Farola de A Boca.
- A estrada de concentración que bordea o campo de fútbol.
- O tramo que vai dende o Centro Médico ata o colexio.

Na estrada Vedra a Santa Lucía estará pechada:

- A estrada da Deputación DP8203 dende o cruce

da Farola de A Boca ata o enlace coa estrada local L45 (Illobre a San Fins) no Terrón.

Na estrada local L45 (Illobre - San Fins)

- A estrada local L45 (Illobre a San Fins) pechada dende o enlace ata o campo da Festa de San Fins.

Estableceranse sinalización e vías alternativas, recomendando a todo o tráfico rodado que nese horario se desvíen por Lestedo ou por Vaamonde se van dirección Santiago.

A proba contará cun dispositivo especial da **Garda Civil de Tráfico**, que regulará a mesma, polo que a organización pide prudencia para evitar sorpresas desagradables.



XXII XORNADA ARREDOR DA CAMELIA

■ A Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla en colaboración co Concello de Vedra organiza as **XXII Xornadas arredor da Camelia**, que este ano lucirán co seu máximo esplendor o día 26 de febreiro na contorna do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.



Estas xornadas enchen de contidos culturais e turísticos os meses de febreiro e marzo con actividades como as mostras, a ruta Btt da Camelia e a maratón, rutas, visitas *"teatralizadas"*... un gran escaparate de contidos sobre a camelia que detallamos de seguido.

17º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

■ Está aberto o prazo para presentarse ao concurso ata o 17 de febreiro no poderán participar os nenos e nenas de 3 a 12 anos.

Bases:

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de 3 a 12 anos.

Haberá 3 categorías:

- A: de 3 a 6 anos.
- B: de 7 a 9 anos.
- C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse na Casa do Concello antes do **17 de febreiro de 2017**, no seguinte enderezo:

Concello de Vedra

Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer

na semana previa ás Xornadas arredor da camelia e publicarase na paxina web do concello www.concellodevedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

9º Todos os traballos presentados a concurso serán expostos en Santa Cruz de Ribadulla o día 26 de febreiro con motivo das Xornadas Arredor da Camelia.

10º A entrega de premios aos gañadores e gañadoras terá lugar en Santa Cruz de Ribadulla o día 26 de febreiro.

11º Todas as persoas participantes, pola súa mera presentación, aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización resérvase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.

As bases do concurso están colgadas na páxina web do concello www.concellodevedra.com e na páxina do facebook www.facebook.com/concellovedra.



2017
 XXII XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA
III MARATÓN DE MONTAÑA "A CAMELIA"**12 de febreiro****Pavillón Municipal de Deportes • 9:00 h.**

■ O Club de Montaña Vértice e o Concello de Vedra, organizan esta proba con saída en Ponte Ulla e chegada en Vedra (Pavillón de Deportes).

Coexistirán dous tipos de proba, unha maratón longa cunha distancia de 46 km e outra por relevos que se disputará por parellas, o primeiro relevo constará de 24 km e o segundo de 22 km.

A saída será conxunta para as dúas modalidades (corredores da maratón e os primeiros da proba de relevos).

Están abertas as inscricións ata o día 8 de febreiro ou ata cubrir prazas na web:
<http://maratonacamelia.galitiming.com/>



III Maratón de Montaña "A Camelia"

12 de febreiro de 2017
VEDRA

Maratón
 46 km - Desnivel acumulado 3.437 m
 Hora saída: 9:00 am
 Inscrición: 20€
 Límite de prazas: 150

Maratón x Relevos
1º Relevo:
 24 km - Desnivel acumulado 2.374 m
 Hora saída: 9:00 am
2º Relevo:
 22 km - Desnivel acumulado 1.060 m
 Inscrición: 15€
 Límite de prazas: 100 (50 equipos)

Salida: Ponte Ulla
Chegada: Vedra (Pavillón Polideportivo)
Recollida de dorsais: a partir das 7:00 am no Pavillón Polideportivo

Inscricións ata o 8 de febreiro ou ata cubrir prazas en galitiming.com/inscripciones-on-line.html

A inscrición dá dereito a avituallamentos (líquidos e sólidos), agasallo, pincho de confraternidade e seguros

VII RUTA CICLOTURÍSTICA EN BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA**12 de febreiro****Pavillón Municipal de Deportes • 9:30 h.**

■ Deportistas e afeccionados ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta Btt que se celebra en torno á programación da camelia. Este ano contaremos cun **novo trazado**.

Teremos dous tipos de itinerarios, un longo que 42 Km aproximadamente, e un alternativo de 26 km. Está cualificado de dificultade media.

Partirá do Pavillón Municipal de Vedra ás 09:30 h. da mañá.

As inscricións están abertas ata o día 8 de febreiro ou ata cubrir prazas na web:
<http://bttcamelia.galitiming.com/>



VII Ruta Btt
 cicloturística en
 da **Camelia** polo Val do Ulla

12 de febreiro de 2017
VEDRA

Novo trazado

Dificultade: media
 Ruta non competitiva
 (42 Km aprox.)
 Itinerario alternativo curto
 (26 Km aprox.)

Salida e chegada
 Pavillón polideportivo de Vedra
 Hora saída: 9:30 h

Límite de prazas: 300
Inscrición: 10 €
Recollida de dorsais
 a partir das 8:00 am

Inscricións ata o 8 de febreiro ou ata cubrir prazas en bttcamelia.galitiming.com

A inscrición dá dereito a avituallamentos (líquidos e sólidos), agasallo, pincho de confraternidade e seguros



XXII XORNADA ARREDOR DA CAMELIA

Día 26 de febreiro

■ O último domingo do mes de febreiro, o día 26, volve a gran mostra da Camelia que coma nas últimas 21 edicións viste de gala o noso concello.

Outro ano máis imos celebrar a nosa gran festa a carón do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, escenario único e inigualable no mundo da camelia e da botánica en xeral. Ademais este ano, coas visitas *"teatralizadas"*, convidamos a coñecelo dunha maneira máis lúdica e diferente. Dentro da xornada contaremos coas seguintes mostras:

- Traballo ornamental con camelia: elaborado polas asociacións e parroquias do concello. Contando coa orixinalidade dos nosos participantes crearase un colorido escaparate que terá como único protagonista a camelia. Este ano, igual que o anterior, realizaremos un gran traballo conxunto entre todos que seguro que vos sorprenderá.
- Mostra de flor: todas as persoas participantes contarán cun espazo para decorar coas súas camelias. Poderán participar todas as persoas interesadas na camelia, profesionais ou afeccionadas, sempre que se inscriban antes das 14:00 horas do día anterior á inauguración.
- 17º Concurso de Pintura infantil, mostra de todos os traballos que os nenos e nenas de Vedra e arredores presentaron ao concurso.

PROGRAMA:

- **9:00 -12:00 h.** Preparación das exposicións.
- **11:00 h.** Visita *"teatralizada"* ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla con **Andaravía Teatro** (Inscripción previa).
- **12:45 h.** Inauguración da xornada por **María Mera, actriz e presentadora.**
- **13:15 h.** Entrega de premios e agasallos de participación para as mostras de Flor e Ornamentación con Camelia.



26 de febreiro de 2017
a partir das 12:45h. no contorno do
Pazo de Santa Cruz de Ribadulla
• Vedra •

• Mostra da Flor •
• Mostra de ornamentación con camelia •

máis información en: www.concellovedra.com ou no teléfono 981 814 691








- **13:45 h.** Concerto - Homenaxe a D. Jesús Barral, "o Señor das camelias" coa Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.
- **14:15 h.** Viño Galego.
- **16:00 h.** Presentación do programa de Dinamización Rural do Concello de Vedra.
- **16:30 h.** Visita *"teatralizada"* ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla con **Andaravía Teatro** (Inscripción previa).
- **17:00 h.** Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- **18:00 h.** Entrega de premios do 17º Concurso de debuxo infantil da camelia.
- **18:30 h.** Espectáculo de clown a cargo de: **CIRCO CHOSCO.**
- **20:00 h.** Clausura e peche das mostras.



VISITAS "TEATRALIZADAS" AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA COA COMPAÑIA ANDARAVÍA TEATRO

26 de febreiro e 5 de marzo

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

■ Propoñemos unha experiencia distinta, tanto se coñeces o pazo, como se é a túa primeira visita, vivirás un evento diferente e exclusivo. Da man da compañía Andaravía Teatro descubriremos os recantos máis destacados, vivindo a historia e a paisaxe deste monumento dunha maneira máis lúdica.

Contaremos con catro quendas de visita:

- 26 de febreiro ás 11:00 h.
- 26 de febreiro ás 16:30 h.
- 5 de marzo ás 11:00 h.
- 5 de marzo ás 16:30 h.

Prezo: 5 euros.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa. As prazas adxudícanse por orde de inscrición do día 13 ao 20 de febreiro ou ata esgotarse.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.

**VISITAS
TEATRALIZADAS**
ao PAZO de SANTA
CRUZ de RIBADULLA

coa compañía
ANDARAVÍA TEATRO

2017
XXII JORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA

26 de febreiro e 5 de marzo de 2017
ás 11:00 h. e ás 16:30 h.

Prezo: 5 euros.
- Prazas limitadas.
- Imprescindible inscrición previa.

As prazas adxudícanse por orde de inscrición do día 13 ao 20 de febreiro ou ata esgotarse.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691

ruta entre camelias

4 de marzo

Área de Interpretación dos Muíños

■ Unha andaina diferente na que se combinará o gusto pola natureza e o camiñar coa beleza e a presenza da camelia na nosa paisaxe.

Programa:

Ruta circular pola Área de Interpretación dos Muíños. Será un percorrido diferente cunha parada moi especial e sentida na finca "do Señor das camelias"

Hora: 11:00 h. Actividade gratuíta.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa. As prazas adxudícaranse por orde de inscrición.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.

**RUTA entre
CAMELIAS**

2017
XXII JORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA

4 de marzo de 2017
ás 11:00 h. · Área de interpretación dos muíños

· Actividade gratuíta.
· Prazas limitadas.
· Imprescindible inscrición previa.

As prazas adxudícanse por orde de inscrición

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691

VISITA Á ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREIRO E PAZO QUINTEIRO DA CRUZ

9 de marzo · Pontevedra

■ Pola mañá visita á **Estación Fitopatolóxica do Areiro** para ver o traballo que se realiza dentro da estación, sobre todo no relacionado coa camelia e co proceso de extracción de aceite. A comida terá lugar no **CIFP Carlos Oroza de Pontevedra**, onde degustaremos un delicioso menú baseado na camelia. Pola tarde visita ao **Pazo Quintero da Cruz** onde poderemos ver máis de 1.000 variedades de camelias que fixeron que este pazo obtivese en varias ocasións a

Camelia de Ouro no Concurso Exposición Internacional da Camelia.

Prezo: 25,00 euros (inclúe transporte, entradas e comida). Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa.

As prazas adxudícanse por orde de inscrición ata o día 6 de marzo ou ata esgotarse. Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.



VEDRA DE ENTROIDO

■ O Concello de Vedra disfrázase de Entroido e presenta o cartel con todas as propostas...

Carnaval rural tradicional · Traditional rural carnival

Entroido rural tradicional

FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Vedra

2017

Xenerais da Ulla

Vilanova	Vedra	San Xán de Sales	Trobe
11 de febreiro 18.00h Campo da festa do Picón	25 de febreiro 17.00h Campo da festa	4 de marzo 19.00h Campo da festa	5 de marzo 19.00h Campo da festa Local multitiros

www.xeneraisdaulla.com

...e o luns 27 de febreiro
Na Casa das Artes de Vedra...
FESTA DE ENTROIDO

O Concello de Vedra propón unha nova alternativa para a tarde do luns de Entroido.

A cita será na Casa das Artes de Vedra (antigo Museo Paz Camps) en San Fins de Sales.

Programación:

- Ás 17:00 h. espectáculo de títeres: "As Xenerais da Ulla" (de Títeres Cachirulo)



- Ao remate... BAILE DE DISFRACES
- Desfile, música, agasallos, merenda filloeira e moitas sorpresas...
- Aberto ao público en xeral (nenos/as, mocidade, persoas maiores...).

POSTA A PUNTO PROGRAMA DE FORMACIÓN E LECER PARA A XUVENTUDE

■ Arrancamos con este programa que ten por obxectivo xerar un espazo de encontro, lecer e formación para a mocidade do concello.

- Venres 17 de febreiro ás 20:00 h. no Centro Municipal de Formación. (Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla):

"QUE NOS OFRECE EUROPA"

Será un encontro para vincular a mocidade de Vedra con proxectos de mobilidade europea.

INTERCAMBIOS EUROPEOS:

Dentro do Programa Erasmus + atopamos esta acción dirixida á mocidade, que ofrece a posibilidade de par-



ticipar en proxectos de mobilidade europea noutros países con estadias breves (Ex. 1 semana ...).

Ao longo deste verán temos previsto desenvolver 2 intercambios de saída.

- **Destinatarios/as:** mozos/as de 18 a 25 anos.
- **Interesados/as:** deben participar nesta xornada para definir os grupos, coñecer as temáticas de cada intercambio, datas definitivas, países...

GALEUROPA:

Programa de mobilidade trasnacional xuvenil, que se enmarca dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil e que ten por obxecto a concesión de axudas para proxectos neste campo dirixidos a mozos/as menores de 30 anos. Consiste en prácticas formativas non remuneradas en entidades ou empresas públicas ou privadas de 31 países europeos.

Mozos/as de Vedra que participaron na edición de 2016, contarannos a súa experiencia.

VOLUNTARIADO EUROPEO E OUTROS...

+ información e inscricións: teléfono: 981 814 695 ou xuventude@concellodevedra.com

Educación + Formación

NORMAS E CONSELLOS PARA CAMIÑAR CON SEGURIDADE

Normas e consellos para camiñar con seguridade

Charla impartida polas coordinadoras provinciais de Educación Viaria

Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña



Lugar: Biblioteca Municipal de Vedra

Data: 16 febreiro 2017

Hora: 20.00 horas



Entregarase un chaleco reflector a cada un dos asistentes

GRADUADO EN ESO PARA PERSOAS ADULTAS

■ Dende o concello ofertamos un ano máis o curso preparatorio par a obtención do título de graduado en ESO para persoas maiores de 18 anos.

Se tes interese inscíbete no departamento de Cultura, no teléfono 981 814 691 ou no correo electrónico cultura@concellodevedra.com

O prazo de inscrición rematará o 20 de febreiro.

Este curso preparatorio só se realizará no caso de acadar un grupo mínimo de alumnos e alumnas.

VEDRA MEDRA

COMEZA O 2º TRIMESTRE, ENTRAMOS CON FORZA NO 2017

■ **Vedra medra** comeza o ano despedindo a exposición **"Ballesteros, o fotógrafo"** que estivo no CPI de Vedra dende mediados de novembro.

E quere facelo agradecendo a colaboración da Asociación Raiceiros e a participación de Luis Ballesteros nesta actuación.

Para honrar aos membros de Raiceiros, que nos axudaron desinteresadamente, e para Luis, cuxo magnífico traballo tivemos o pracer de contemplar cada día nestes últimos dous meses, ideamos dous **"Mannequin Challenge"** que protagonizaron os/as alumnos/as de 1º e 2º de ESO.

Pódense ver en <https://www.facebook.com/vedramedra/>
Continuamos, ademais, coas visitas á contorna e o 20 de xaneiro tocou saída didáctica pola beira do Ulla con 5º de educación primaria.

E para mediados de febreiro estamos a organizar a xornada de difusión cultural **"Vestindo o patrimonio vedrés"**, arredor do liño (cultivo, produción téxtil artesanal, toponimia, cultura de tradición oral, as cantigas das fiadas, os refráns...)

Esta xornada artículase en dúas sesións "O fiadeiro: contar e cantar", no que se lle dará voz á xente de Vedra e "Cal fiamos, tal andamos", na que acolleremos a Asociación Cultural Tamparrantán de Santo André de Veá (A Estrada).



Como referente estable da xornada teremos unha exposición de utensilios tradicionais (ripo, ripanzo, espadela, espadeleiro, tascón, restrelo, fuso, roca, sarillo, debandoira, tear etc... da colección de Manuel Vilas e doutros veciños do concello), que se usaban na produción téxtil artesanal e a música e o baile de fiada con agrupacións locais.

Sobre as distintas actividades que vaian a desenvolver, os horarios e a posible participación de pais, avós ou veciños iremos informando a través do **Facebook Vedra medra**.

No mes de febreiro botará tamén a andar no centro os martes e/ou xoves, de 17:00 a 18:30, un **obradoiro sobre patrimonio** para alumnos de ESO.

Vedra medra convida a todos os vedreses a participar nas actividades que programamos, apostando todos á unha por PATRIMONIO VIVO... E DINÁMICO.

Turismo

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "XENERAIS DA ULLA"

■ O Centro de Dinamización e Promoción Municipal "Casa dos Peóns" acollerá esta mostra composta por sesenta fotografías a toda cor que recollen a esencia e carácter do entroido rural tradicional dos 'Xenerais da Ulla', declarado Festa de Interese Turístico de Galicia.

- Datas: do 11 de febreiro ao 5 de marzo.
- Horario: os sábados e domingos de 16 a 18 h. (consultar horarios en www.concellodevedra.com)



NOVO PAVIMENTO NA PISTA POLIDEPORTIVA DO PAVILLÓN

■ Durante as pasadas vacacións de Nadal fixéronse unhas obras de mellora na pista polideportiva do pavillón municipal, dotando á pista central dun novo pavimento técnico de alta resistencia e prestacións deportivas.

Esta obra foi subvencionada en parte pola Deputación da Coruña e está incluída dentro do **Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2016**.



NOVO SISTEMA DE RESERVA DE PISTA POLIDEPORTIVA

■ A partir de agora podes facer a reserva da pista polideportiva dende unha aplicación informática moi sinxela á que podes acceder dende a páxina web do concello ou dende este enlace: https://www.avaibooksports.com/sri/sri_reserva.php?user=484&cid=2026.

Xa non é necesario acudir ao pavillón para reservar.

Recorda que o pavillón pódese alugar por horas cunha antelación máxima de 7 días. Unha vez feita a reserva on line a persoa usuaria está comprometida ao pago da taxa que se efectuará no propio pavillón antes do uso da pista.



NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO

■ O grupo de sendeirismo está realizando o Camiño Portugués pola costa.

Data: o sábado 18 de febreiro.

Percorrido: Dende a praia de Amorosa á praia do Caneco.

Distancia: 18 km aprox.

Inscripcións ata o 16 de febreiro no teléfono 981 814 691 (en horario de 10:00 a 14:00 h.).

Puntos e horario de recollida autobús:

- 1ª Parada: 7:00 h. Mosqueiro (San Mamede)
- 2ª Parada: 7:10 h. Lestedo



- 3ª Parada: 7:15 h. Breixo
- 4ª Parada: 7:20 h. Hipercor
- 5ª Parada: 7:30 h. Estación de Autobuses



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **Escola de Saúde: "Autocoñecemento; aprender a valorarse e a querer-se máis".**

Xoves 9 de febreiro ás 20:00 h.

- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz e visita.**

Mércores 15 de febreiro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal. Prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita en ruta.

(O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 4 de febreiro no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

- **Obradoiro de radio para maiores.**

Sábado 18 e domingo 19 de febreiro.

Organizado no marco do LAV pola Asociación Senunpeso.

- **Bingo**

Xoves 23 de febreiro ás 20:00 h.

- **Excursión á "Feira de Vila Nova de Cerveira"**

Sábado 11 de marzo.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e visitas. Prazas limitadas).

Programa: visitas ao pobo e á feira, a lugares de interese da



Obradoiro de memoria.



Termas de Outariz.

zona.

(O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 23 de febreiro

no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

ESCOLA DE FAMILIAS

- **Recorda!**

Seguimos traballando para tratar temas do voso interese, polo que se desexas facer algunha suxestión ou tes especial preocupación por algunha temática, fainos chegar a túa proposta a través do teléfono 699 041 486 ou do e-mail:

carmen.sabio@vedra.dicoruna.es.



ACTIVIDADES LUDOTECA

Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no Entroido e gozar. Así mesmo, comezaremos a viaxar polo tempo e descubrir distintas historias, a través da máquina



do tempo: a educación en valores, a igualdade, unha oportunidade para transformar a sociedade.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Pase de modelos e maquillaxe de Entroido.
 - Xogando en valores: Contacontos.
 - Experimentos divertidos : "o profesor chifrado".
 - Obradoiro emocional: "A solidariedade", monicreques.
 - "Experimentos divertidos".
 - **Plastihistoria.**
 - "Mr. Manitas": O Entroido, cabezudos, costura creativa.
 - Obradoiro musical " A voz" do Entroido.
 - Móvete e baila: Lip Dub pola igualdade.
- Participa!**
- A máquina do tempo.
 - Xogando coas luces e sombras.



PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

Lembramos que está a funcionar o Punto de Información e Asesoramento Educativo Municipal, que ten como obxectivo:

- Asesoramento ao alumnado e ás súas familias sobre as posibles alternativas educativas.

Como contactar?

A través do teléfono 981 814 612 ou do correo electrónico carmen.sabio@vedra.dicoruna.es



PROGRAMA VEDRA, EDUCA

Como ben sabes este proxecto vai dirixido a familias con menores de 3 anos do Concello de Vedra. Trátase de traballar con elas en conxunto na busca de facilitar o desenvolvemento infantil establecendo as ferramentas para facelo.

As persoas interesadas poden contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9:00 h. a 14:00 h. ou a través do correo electrónico:

carmen.sabio@vedra.dicoruna.es





LAV017 • LABORATORIO AUDIOVISUAL DE VEDRA

Programación do décimo aniversario • 17, 18 e 19 de febreiro de 2017

- Venres 17 de febreiro ás 20:30 h.
Centro Social de Vedra

Rebobina LAV

Selección de curtametraxes realizadas en 10 anos de LAV.

Escolma de pezas audiovisuais realizadas no marco das xornadas de formación do LAV, desde 2008 ata hoxe. Foron creadas como exercicios, pero foron máis alá para converterse en pequenas obras audiovisuais que pasados os anos manteñen o seu interese.

Entrada de balde

- Sábado 18 de febreiro
Restaurante Vía da Plata

Festa LAV

Celebración do décimo aniversario

21:00 h. Cea LAV

Unha cea con sorpresas para celebrar tod@s xunt@s o aniversario do LAV.

Aberta a todas as persoas que queiran participar. Inscripción: por mail a info@seunpeso.org e por whatsapp nos teléfonos 625 204 119 ou 696 185 187. Prezo: 19 €

22:30 h. Concerto LAV

Brinkadelia Troupe
Dj Furia de Timotei
Entrada de balde

XORNADAS DE FORMACIÓN

Obradoiros de formación audiovisual para profesionais e afeccionados.

- Sábado 13 de febreiro de 10:00 a 14:00 h. e de 15:30 a 19:30 h.
- Domingo 14 de febreiro de 10:00 a 14:00 h. e de 15:30 a 17:30 h.
- Entrega de diplomas: domingo 14 de febreiro ás 17:30h.
- Inscripción previa en www.seunpeso.org

1. Matrícula aberta:

- **Xogando coa holografía** [10 a 16 anos], con Xurxo Guitián e Jenaro Castro. Matrícula gratuíta.
- **Música electrónica con materiais cotiáns** [11 a 16 anos], con Mateo Mena. Matrícula gratuíta.



- **Radio para maiores** [para persoas xubiladas], con Sergio Pascual e Lucía Abarrategui. Matrícula gratuíta.
- **Luz escénica**, con Xacobo Castro (iniciación).
- **Reporteirismo gráfico. Operador de cámara ENG**, con Juan Barcia (medio).
- **Videoproxeccións para espectáculos en vivo**, con Laura Iturralde (medio).

2. Obradoiros completos:

- **Edición de vídeo para principiantes**, con María Lobo e Roi Guitián (iniciación).
- **A arte da cinematografía**, con Alberte Branco (iniciación).
- **Escritura de diálogos para televisión (e cine)**, con Eligio R. Montero (medio).
- **A montaxe audiovisual. Procura e descubrimento**, con Sandra Sánchez (medio).
- **A costela de Adán (interpretación)**, con Mariana Carballal (medio).
- **Timelapse avanzado: controlando a luz en movemento**, con Daniel Almeida (avanzado).

CLUB OLÍMPICO DE VEDRA CAMPIONATO GALEGO DE DUATLÓN CONTRARELOXO POR EQUIPOS 4º DUATLÓN CONCELLO DE VEDRA

■ O Club Olímpico de Vedra e o Concello de Vedra organizan este evento deportivo que sitúa a Vedra no mapa deportivo a nivel Galicia.

- **Data:** o sábado 18 de febreiro.
- **Lugar:** o entorno do Pavillón Polideportivo de Vedra.
- **Horarios:**
 - 15:00 Proba open (limitada a 40 equipos).
 - 16:00 Campionato galego feminino.
 - 16:30 Campionato galego masculino.



CEA-BAILE DE ENTROIDO O 4 DE MARZO COA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ A Asociación Cultural San Campio organiza un ano máis o seu tradicional cocido de Entroido.


- **Data:** sábado 4 de marzo a partir das 21:00 h.
- **Lugar:** Casa da Cultura de San Miguel

Prezos:

- Para as persoas asociadas: 12 €
- Para as non asociadas: 15 €

ASOCIACIÓN PAPAVENTOS

■ Presenta o cartaz gañador no seu Concurso de Carteis que servirá para presentar a súa programación para a xa moi próxima XIV Edición de Teatrofilia, que dará comezo o 17 de marzo!! Haberá que prestar moita atención!!



Autora: Lola Valle Ledesma. Escola de Sarandón do CRA Boqueixón - Vedra. Gañadora do accesit infantil.

- Menú infantil: 8 € (menores de 10 anos)

Inclúe: cocido (chourizos, grelos, patacas, orella, lacón, filloas,... bebida + sobremesa e café)
Reservas nos teléfonos: 678 82 65 16 / 658 202 253

E por suposto baile de disfraces con música e moita festa!!



FESTAS DO SAN BLAS EN SAN MAMEDE 4 E 5 DE FEBREIRO

■ A comisión de festexos de San Mamede de Ribadulla organiza como é tradicional os festexos do San Blas.

Con festa nocturna o sábado 4 de febreiro e sesión vermú coas bandas de música de Santa Cruz de Ribadulla e Banda de Música de Teo.

FESTA DA CACHEIRA EN SAN PEDRO DE VILANOVA. O 18 DE FEBREIRO

■ A comisión de festexos de San Pedro de Vilanova propón un xantar propio deste tempo de Entroido como é o cocido.

Prezo por persoa: 20 €. Inclúe cacheira, filloas, chourizos, patacas, grelos,...+ bebida e por suposto sobre-mesa, café e chupito.

Reservas no teléfono 696 420 391 antes do 15 de febreiro.

COCIDO DE ENTROIDO DA COMISIÓN DE FES- TAS DE VEDRA. O SÁBADO 25 DE FEBREIRO

■ A comisión de festas de Santa Baia de Vedra celebra un cocido de Entroido no campo da festa de Vedra, para o público en xeral.



A partir das 14:00 h. podes achegarte e gozar dun tradicional cocido!!

- Prezo 20 € por persoa.
- Haberá menú infantil.
- E despois de xantar... será tempo de Entroido!!

Pequenos... Grandes Xestos!!!



CIFRA DE POBOACIÓN EN VEDRA... MANTENSE A CATEGORÍA UN ANO MÁIS!!

■ É un pracer comunicar que, pese ás previsións que facían supoñer que este concello ía baixar de categoría este ano ao perder os 5000 habitantes, a cifra de poboación para este exercicio finalmente superará dito límite.

Por este motivo, queremos, en primeiro lugar, agradecerlles aos veciños e veciñas que manteñen o seu empadroamento dende sempre que permanezan no concello, xa que

eles son o verdadeiro piar do municipio; en segundo lugar e de modo especial, queremos dar as máis expresivas grazas a todas aquelas persoas que non dubidaron en formalizar o seu empadroamento en Vedra, co que finalmente puidemos salvar a cifra de poboación para este ano.

En beneficio de todos e todas EMPADROÁTE!!



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.